

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*EXTRACTO da Resolución do 2 de abril de 2019 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende).*

BDNS (Identif.): 449743.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado, nas cales non concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño), e cumpran as condicións establecidas no artigo 4 das bases reguladoras.

##### Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na Comunidade Autónoma, fomentar o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e favorecer a creación de emprego a través da subvención á creación de pequenas e medianas empresas por parte de novos emprendedores, así como aos proxectos de investimento para a ampliación de pequenas e medianas empresas xa creadas, sempre que cumpran os requisitos para seren consideradas nova peme.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Resolución do 2 de abril de 2019 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende).

**Cuarto. Importe**

Os créditos dispoñibles para concesións nestas convocatorias aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7704 e polos seguintes importes con cargo aos seguintes exercicios:

Convocatoria 2019.1: 2.000.000 € con cargo ao ano 2019, 750.000 € para o ano 2020 e 250.000 € para o ano 2021.

Convocatoria 2019.2: 500.000 € con cargo ao ano 2019, 1.000.000 € para o ano 2020 e 500.000 € para o ano 2021.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Na convocatoria 2019.1 o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e finalizará o 27.6.2019.

Na convocatoria 2019.2 o prazo de presentación de solicitudes comezará o 28.6.2019 e finalizará o 18.10.2019.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Pablo Casal Espido  
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

